

Descarga o trazado da ruta no seguinte QR:



Recorda:



Sendeiro sinalizado:



Continuidade do sendeiro



Cambio de dirección



Dirección trabucada

MIDE (Método de Información De Excursións)

MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dos percorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitir a cada participante unha mellor elección



Medio. Severidade do medio natural

- 1 O medio non está exento de riscos
- 2 Hai máis dun factor de risco
- 3 Hai varios factores de risco
- 4 Hai bastantes factores de risco
- 5 Hai moitos factores de risco



Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario

- 1 Camiños e cruces ben definidos
- 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade
- 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais
- 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora de traza
- 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear



Desprezamento. Dificultade no desprezamento

- 1 Marcha por superficie lisa
- 2 Marcha por camiños de ferradura
- 3 Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares
- 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio
- 5 Require pasos de escalada para a progresión



Esforzo. Cantidad de esforzo necesario

- 1 Até 1 h de marcha efectiva
- 2 Máis de 1 h e até 3 h de marcha efectiva
- 3 Máis de 3 h e até 6 h de marcha efectiva
- 4 Máis de 6 h e até 10 h de marcha efectiva
- 5 Máis de 10 h de marcha efectiva

Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado


O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), Federación Aragonesa de Montañismo (FAM), Protección Civil do Goberno de Aragón e outras entidades. Máis información: www.euromide.info



PR-G 277 SENDEIRO DE DEVESOS Concello de Ortigueira Ruta homologada no ano 2025



Sendeiro Homologado pola FGM




Sendeiro de Interese Xeolóxico

Entidades promotoras:



XUNTA DE GALICIA



Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

CONCELLO DE ORTIGUEIRA

PR-G
277

GALICIA

SENDEIRO DE DEVESOS



Sendeiro lineal que se pode comezar no lugar de O Igrexario, xunto á igrexa parroquial de San Sebastián de Devesos, ou no Santuario de Portas.

A Igrexa de San Sebastián de Devesos conta con planta de salón con dúas capelas apegadas a ámbolos lados da única nave que simulan un cruceiro, destaca polo seu pórtico situado no lateral norte e a súa espadana dobre, ademais destaca o nártice que oculta parte do muro oeste e actúa como fachada.

Cabe mencionar o viacrucis situado no camiño que leva ó cemiterio.

Neste mesmo lugar sitúase o edificio da Sociedade de Instrución e Recreo "A Devesana", inaugurada no ano 1912 por veciños da parroquia emigrados en Cuba que buscaban facilitar a educación a socios e veciños.

Dende aquí, o sendeiro diríxese cara o lugar de O Cotorelo, ao que se chega despois de cruzar a ponte do Malló sobre o rego de Reboredo e ascender por unha corredoira con encanto, e continúaase polo sendeiro do Lombo do Coitelo até chegar á aldea abandonada de As Bouzas.

O sendeiro segue rumbo sur en dirección á Serra da Panda, enclave de gran interese paisaxístico e medioambiental. Neste tramo atópase a Cruz de Martiño, o único vestixio que sobrevive dunha antiga igrexa situada neste lugar, á que se chega mediante unha derivación do sendeiro principal de 1,2 km de distancia ida e volta.

Despois de visitar a Cruz de Martiño hai que retroceder até o inicio da derivación para continuar polo trazado principal e bordear a Serra da Panda polo norte, camiñando por camiños antigos cruzando terras de labor e plantacións forestais visitando as aldeas de O Cabradoiro e O Aciveiro.

Dende O Aciveiro até o final do sendeiro bordéase a serra camiñando entre vexetación autóctona e con vistas ás formacións xeolóxicas que dominan a serra, chegando así ao Santuario de Portas, reconstruído no S. XVII aproveitando dovelas e mampostería dunha construción anterior do S. XII.



Próximo ao santuario sitúase unha fonte con augas que, contan as lendas, curan penas e males.

Para chegar a ela hai que coller a segunda derivación do sendeiro, a que nos leva ao Muíño da Fervenza do Rego de Lombao, e que conta cunha lonxitude de 700 metros ida e volta.



Inicio: Devesos / Santuario de Portas
Fin: Santuario de Portas / Devesos
Distancia total: 8,3 km
Tempo estimado: 2h 40'
Desnivel positivo: 345 m
Desnivel negativo: 200 m
Tipo de percorrido: Travesía



SIDIF (Sistema de Dificultade FEDME):



MIDE (Método de Información De Excursións):

